

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro “Común” entre os números C1 e C12, da “FOLLA DE RESPOSTAS”.
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na “FOLLA DE RESPOSTAS” é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a “FOLLA DE RESPOSTAS” no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



**1. Segundo o artigo 73.1.e) da Lei 55/2003 do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cando dun expediente disciplinario derívese a imposición dunha sanción de apercibimento este:**

- A) Será sempre por escrito, e só se impondrá por faltas leves.
- B) Será sempre por escrito, e impondrase por faltas leves ou graves.
- C) Poderá ser verbal ou por escrito, e só se impondrá por faltas leves.
- D) Poderá ser verbal cando se imponha por faltas leves e será sempre escrito cando se imponha por faltas graves.

**2. Segundo o artigo 26.1. da Lei 55/2003 do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a xubilación:**

- A) Unicamente poderá ser voluntaria.
- B) Unicamente poderá ser forzosa.
- C) Pode ser forzosa ou voluntaria.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**3. O artigo 25.1. da Constitución española de 1978, establece que ninguén pode ser condenado ou sancionado por accións ou omisións que:**

- A) No momento de sancionarse non constitúan delito ou falta, segundo a lexislación vixente naquel momento.
- B) No momento de sancionarse non constitúan delito, segundo a lexislación vixente naquel momento.
- C) No momento de sancionarse non constitúan delito, falta ou infracción administrativa, segundo a lexislación vixente naquel momento.
- D) No momento de producirse non constitúan delito, falta ou infracción administrativa, segundo a lexislación vixente naquel momento.

**4. A Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, no seu artigo 11.2. establece que o Parlamento será elixido por un prazo de:**

- A) Cinco anos.
- B) Tres anos.
- C) Catro anos.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**5. Segundo o artigo 4.6. da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, a efectos da presente Lei e das normas que a desenvolvan, entenderase como equipo de traballo:**

- A) Calquera máquina, aparello, instrumento ou instalación utilizada no traballo.
- B) Calquera máquina utilizada no traballo. Non terán a consideración de equipo de traballo as instalacións.
- C) Calquera máquina, aparello, instrumento sempre que sexan de uso industrial.
- D) Ningunha das respostas é correcta.

**6. O artigo 2. da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de carácter persoal, establece que dita lei será de aplicación aos datos de carácter persoal rexistrados en soporte físico, que os faga susceptibles de tratamento, e a toda modalidade de uso posterior destes datos:**

- A) Polo sector público.
- B) Polo sector privado.
- C) Polo sector público e o sector privado.
- D) Ningunha das resposta é correcta.

**7. Sinale a resposta CORRECTA. Segundo o artigo 42 da Lei 14/1986 do 25 de abril, xeneral de sanidade, sen prexuízo das competencias das demais Administracións Públicas, os Concellos terán as seguintes responsabilidades mínimas en relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios:**

- A) Control sanitario do medio ambiente: contaminación atmosférica, abastecemento de augas, saneamento de augas residuais, residuos urbanos e industriais.
- B) Control sanitario de industrias, actividades e servizos, transportes, ruídos e vibracións.
- C) Control sanitario dos cemiterios e policía sanitaria mortuoria.
- D) Todas as respostas son correctas.

**8. Segundo o artigo 3.2.e) do Decreto 168/2010, do 7 de outubro, que regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde, en cada estrutura organizativa de xestión integrada poderá existir:**

- A) Unicamente un/unha xerente executivo/a.
- B) Un/unha ou máis xerentes executivos/as.
- C) Un/unha xerente, non existe a figura do xerente executivo/a.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**9. A lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, modificada por Lei 3/2005, do 7 de marzo, establece no seu artigo 11 que os facultativos poderán levar a cabo as intervencións clínicas indispensables a favor da saúde do paciente, sen necesidade de contar co seu consentimento:**

- A) Cando existe risco inmediato grave para a integridade física e psíquica do paciente e non é posible obter a autorización, sen consultar a ninguén.
- B) Cando existe risco inmediato grave para a integridade física e psíquica do paciente e non é posible obter a autorización, consultando, cando as circunstancias o permitan, aos seus familiares ou ás persoas vinculadas de feito a el.
- C) Cando existe risco inmediato grave para a integridade física e psíquica do paciente e non é posible obter a autorización, consultando, en todo caso, aos seus familiares ou ás persoas vinculadas de feito a el.
- D) Ningunha resposta é correcta.

**10. Segundo o anexo do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, para a selección de Xefe de Servizo licenciado sanitario, do nivel de atención especializada, utilizarase o sistema de selección de:**

- A) Avaliación colexiada.
- B) Libre designación.
- C) Libre designación ou avaliación colexiada.
- D) Todas as respostas son correctas.

**1. Segundo o artigo 94 BIS do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, texto refundido da Lei de Igualdade de Galicia, o persoal ao servizo da Administración pública galega ten dereito a un permiso retribuído para atender o coidado do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade:**

- A) Nos casos de accidente ou enfermidade grave, cunha duración máxima de trinta días naturais.
- B) Nos casos de accidente ou enfermidade grave, cunha duración máxima de quince días naturais.
- C) Nos casos de accidente ou enfermidade moi graves, cunha duración máxima de quince días naturais.
- D) Nos casos de accidente ou enfermidade moi graves, cunha duración máxima de trinta días naturais.

**2. Segundo o anexo do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, para a selección de Xefe de Sección licenciado sanitario, do nivel de atención especializada, utilizarase o sistema de selección de:**

- A) Concurso de méritos.
- B) Libre designación.
- C) Libre designación ou avaliación colexiada.
- D) Avaliación colexiada.

